



# UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



O acordo de Xunta de Goberno do 3 de xuño de 1997 establece os períodos nos que se pode modifica-la matrícula, entendendo que esta modificación refírese ó cambio dunha materia por outra.

Nembargantes, e co obxecto de facilita-la matrícula dos alumnos, estímase conveniente que durante o período ordinario de matrícula os alumnos poidan realiza-las modificacións que estimen oportunas.

Por todo o exposto estímase conveniente dicta-la seguinte INSTRUCCIÓN:

**ÚNICO:** No período ordinario de matrícula os alumnos poderán realiza-las modificacións que estimen pertinentes á matrícula realizada .

A partir do 17 de novembro a modificación de matrícula soamente será dunha materia por outra e axustándose ós prazos que establece o apartado 13 do Acordo de Xunta de Goberno do 3 de xuño de 1997.

Santiago de Compostela, a 4 de novembro de 1997

O Vicerrector de Ordenación Académica e Titulacións

Celso Rodríguez Fernández

SR. XEFE DO SERVICIO DE ALUMNADO - SR. XEFE DOS SERVICIOS  
INFORMÁTICOS - SR. XEFE DO SERVICIO DE INFORMACIÓN - SRES. XEFES DAS  
UNIDADES DE XESTIÓN ACADÉMICA